

A FÁBRICA DE NADA

Pedro Pinho, 2017

1725

ESTREA EN NUMAX: 20.04.2026 | V.O.S.E. | +12 | 177 min

Un grupo de obreiros descobre que a administración está a trasladar material da súa fábrica. Ante esa espantada a prazos, na que van ficando sós, deciden resistir nos seus postos de traballo sen traballo. Unha revolución prende nesta fábrica de nada, os alicerces do capital tremen. Pedro Pinho logrou a fazaña imposible en Cannes, ao poñer de acordo a crítica que de maneira unánime ficou entusiasmada coa enerxía subversiva deste filme valente e impredecible.

«Sen temor a trabucarnos, estamos diante dunha das obras máis felices, acedas, divertidas, críticas e memorables do ano»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Pedro Pinho: «Quixemos reivindicar unha xestualidade que puidese ser fiel e xusta coa precariedade»

Por Raúl Liébana

Despois do seu último traballo documental, *As cidades e as trocas* (2014), cuxo formulación é radicalmente diferente a *A fábrica de nada* (2017), como xorde este último proxecto e que o levou a falar sobre unha historia como esta? Este proxecto naceu da colaboración con Jorge Silva Melo, un director de teatro portugués que quería adaptar ao cinema unha peza de teatro que escribiu en 2005. Pedíume escribir o guión, o que empecei a facer con el. Despois, en 2012, por razóns persoais, tivo que abandonar o proxecto e eu fíquei aos mandos da dirección. Isto foi unha oportunidade moi grande, tamén, porque é un proxecto que vén de fóra e co que podería experimentar todo o que quería desde había moito, cun orzamento confortable, cun equipo moi bo, profesional e próximo a min. Foi unha oportunidade única para experimentar moitas cousas que desexaba e que eran moi importantes tamén para o meu desenvolvemento como cineasta.

O proxecto empezou sendo unha colaboración co dramaturgo Jorge Silva Melo, para adaptar unha obra teatral que xa existía, pero ata que punto se mantivo o seu espírito? Si, era unha colaboración con el, que nós en Terratreme íamos producir e eu ía escribir. Por tanto, gardamos algunhas ideas fundamentais con respecto ao traballo realizado ao comezo, pero cambiamos todo o demais. Traducimos esas ideas ao noso xeito de ver o cinema e ao noso xeito de traballar. Había unha fábrica que pechaba e tratábase dunha historia ao redor da intimidade dunha parella pero, á parte diso, non ficou nada máis. Iso si, xa existía a idea dun musical, algo que era moi importante e que sempre quixemos manter.

Que tipo de investigación levou a cabo antes de empezar a escribir e rodar a película? O proceso de investigación foi bastante longo. Comezamos a realizar unha investigación en Alverca (Vila Franca), unha das rexións industriais que se atopan no perímetro de Lisboa, ao norte, xunto ao Texo. Estivemos alí uns meses, nun apartamento, e comezamos a realizar entrevistas con operarios que estaban en situación de paro ou en situación de conflito coas súas empresas, porque nesa época (en 2012) había como cincuenta e sete fábricas que estaban a funcionar e, dous anos despois, en 2014, quedaban tan só once. Á parte dun grupo de fanáticos neoliberais, o resto da poboación estaba a sufrir o grande impacto da política de austeridade da Troika. Aquí, en España, e en Grecia produciuse unha reacción algo máis forte, con movementos nas prazas, pero en Portugal non foi así. Tivemos dúas manifestacións moi grandes nas que ese día, por exemplo, en Lisboa había moita poboación na rúa. Cando reúnes a toda esa xente, podes facer o que queiras; con todo, ao final do día, a xente volvía a casa e non pasaba nada. Volvía cunha sensación de «que imos facer?».

Con respecto á coreografía, como xorde? A idea de facer un musical foi algo apaixonante e asombroso. Eu na miña vida tería a idea de facer un musical operario. Quixemos reivindicar unha xestualidade determinada que puidese ser fiel e xusta coa precariedade, que parece un musical pobre. Queríamos producir unha especie de vergoña allea. Que se pensase “que mal cantan”, “que mal bailan”. Pero que tamén puidese producir esa sensación de que o fan como calquera de nós podería ter feito. Traballamos cunha coreógrafa chamada Joana Pupo e pedimos iso, que aínda que bailasen e cantasen mal estivesen convencidos de estar a facer algo bo e bonito.